

Nota de prensa
do SLG

10-11-2008

O SLG apoia as reivindicacións da AAVV de San Pedro de Labrada e solicita o inicio das obras de mantemento da estrada

A AAVV de San Pedro de Labrada leva dous anos solicitando que cambien os tubos que cruzan a estrada que sobe por Labrada (Abadín-Lugo), por xunto a igrexa, xa que ao ser moi pequenos túpense moi facilmente.



Cando chove moito pasa a auga por riba da estrada, supoñendo un grande perigo tanto para os veciños/as como para o transporte escolar, xa que este “punto negro” da estrada atópase ao lado dunha curva.

A auga xa fixo un chanzo polo lado de abaixo, existindo un grande risco de que ao cruzarse dous vehículos, un poida saír da carreteira e caer no furado.

Esta reivindicación ao respecto do mantemento da estrada en aras do cumprimento dunhas mínimas condicións de seguridade para peóns e vehículos, **engádese á solicitude de limpeza das cunetas, tanto da estrada como das pistas veciñais, xa que levan dous 2 anos sen seren desbrozadas**, chegando a maleza mesmo á beira, sen sitio polo que poidan camiñar as persoas e os animais.

Esta situación foi posta en coñecemento do concello con anterioridade, sen que a AAVV de San Pedro obtivera resposta ningunha. Dende o Sindicato Labrego Galego agardamos que ao facer pública a situación que está a sufrir a veciñanza de Labrada, o consistorio tome medidas con rapidez, habida conta ademais de que xa temos enriba as choivas do inverno.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Manuel Rivas, Directiva da AAVV de San Pedro de Labrada,

TLF: 616/060146